



Xornada: A transparencia na administración local de Galicia. Actualidade xurídica e práctica.

Data: 22 de novembro de 2019 - 10:00 horas.

A xestión pública local está sometida nos últimos anos a múltiples cambios normativos e novidades nas dinámicas de funcionamento que requiren dunha constante actualización, novidades que todas elas teñen un nexo común e transversal: a transparencia e a apertura dos gobernos.

Para garantir o coñecemento das mesmas e a súa implantación, a Fegamp en colaboración coa Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e a Dirección Xeral de Administración Local, organizan unha xornada coa que se pretende actualizar os coñecementos en materia de transparencia coas particularidades para o ámbito local derivados dos últimos cambios normativos (Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, Real Decreto 128/2018, RXP, Ley Orgánica 3/2018), así como coñecer as vantaxes do Portal de Transparencia Local de Galicia para os Concellos e as súas funcionalidades prácticas como ferramenta que facilita o cumprimento normativo das obrigas legais en materia de transparencia dun xeito fácil e intuitivo.

Con esta Xornada preténdese acadar os seguintes obxectivos específicos:

- Examinar as dificultades e solucións para facilitar o exercicio do dereito de acceso á información pública no ámbito local.
- Dotar aos asistentes das ferramentas necesarias para cumprir as obrigas legais de transparencia co Portal de Transparencia Local de Galicia.
- Coñecer as novidades en materia de transparencia e publicidade electrónica introducidas pola nova normativa en materia de contratos do sector público.
- Afondar na configuración das obrigas da Secretaría municipal en materia de transparencia tras o Real Decreto 128/2018, polo que se regula no réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local coa habilitación de carácter nacional.
- Coñecer as novidades en materia de protección de datos, e as distintas e múltiples interaccións normativas entre a transparencia e a normativa sobre protección de datos (RGPD-LOPD).



Data: 22 de novembro de 2019.

Lugar: Salón de actos. Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Lugo. Ronda da Muralla, 70 - 27071 Lugo

Horario: 10:00 a 14:00 horas.

Destinatarios/as: Esta xornada está principalmente dirixida a secretarios/as, interventores/as e tesoureiros/as, empregados/as públicos en xeral, así como cargos electos da administración local e interesados en xeral.

Inscripcións en www.fegamp.gal

Prazo de inscrición aberto ata o 21 de novembro de 2019. Aforo limitado.

Máis información e consultas no teléfono 881 998 016.

Programa:

- **09.45h. Recepción de asistentes e entrega de materiais.**
- **10.00h. Inauguración.**

D. José Manuel Balseiro Orol, delegado territorial da Xunta de Galicia en Lugo

Dna. Natalia Prieto Viso, Directora Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa

- **10.15-10.45h. Presentación do Portal de Transparencia local de Galicia: unha plataforma colaborativa para facilitar o cumprimento das obrigas legais.**

Dna. Natalia Prieto Viso, Directora Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa

- **10.45-11.00h. A Guía Práctica de transparencia local de Galicia.**

D. Alberto Vaquero García, Profesor Titular Universidad de Vigo e Codirector de Red Localis



- **11.00-11.45h. Responsabilidades e obrigas dos funcionarios de habilitación nacional en materia de transparencia.**

Dna. Concepción Campos Acuña, Secretaria de Administración Local e Codirectora de Red Localis

- **11.45-12.15h. Pausa-café.**
- **12.15-13.00h. Publicidade activa no perfil de contratante. A utilización das plataformas electrónicas de contratación.**

Dna. Elena Barba Pan, secretaria da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, Xunta de Galicia

- **13.00-13.45h. Transparencia, acceso á información pública e protección de datos: criterios para a resolución de conflitos.**

D. Daniel Neira Barral, Profesor da Universidade de Santiago de Compostela e membro da Red Localis

- **13.45-14.00h. Clausura da xornada.**

Dna. M^a Dolores Fernández Galiño, valedora do pobo